



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es



Ilmo. Señor:

En relación co seu atento escrito de data 28.09.2015, Presidencia, S-1 (FCG/mi), ao que se xuntaba convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da Provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, xunto achégolle certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 13.10.2015, de aceptación do convenio referido.-

LOBEIRA, 16 de outubro de 2015.-

O ALCALDE,



Asdo. Antonio Iglesias Álvarez.-

Ilmo. Sr.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

Rúa Progreso, núm. 32.-

= 32003 – OURENSE =



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
emilio.higuero.lobeira@eidolocal.es

DON SANTIAGO MANSILLA VÁZQUEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE LOBEIRA (Ourense),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que, de xeito literal, de seguido se transcribe:

“4º.- CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE LOBEIRA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACION PÚBLICA/-
Vista proposta formulada pola Deputación Provincial de Ourense para a subscrición dun convenio marco de cooperación entre aquela entidade e este Concello en materia de transparencia e acceso á información pública, os reunidos, por unanimidade ACORDAN:

1º.- Aprobar a adhesión do Concello de Lobeira ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.-

2º.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.-

3º.- Designar como persoa responsable da execución do convenio ao funcionario municipal Benito Iglesias Álvarez. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno”.-

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en LOBEIRA (Ourense), a dezaseis de outubro de dous mil quince.-

VISTO E PRACE
O ALCALDE-PRESIDENTE,




O SECRETARIO-INTERVENTOR,





DEPUTACIÓN PROVINCIAL
O U R E N S E
PRESIDENCIA



S-1

(FCG/mi)

Adxunto remítolle o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2015, sobre o convenio marco de cooperación entre a Diputación de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, para o seu coñemento e efectos.

Ourense, 28 de setembro de 2015

O PRESIDENTE,

